


**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE QUIROGA  
PARA A FINANCIACIÓN DE ACTUACIÓN DE RESTABLECIMENTO DE INFRAESTRUTURAS  
DE ABASTECIMENTO DANADAS POR INCENDIOS FORESTAIS**

En Lugo, a 30 de setembro de 2022

**REUNIDOS**



Dunha parte, Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, nomeada polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

Doutra parte, Julio Álvarez Núñez, alcalde do Concello de Quiroga, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.



**EXPOÑEN**

**Primeiro.** O Concello de Quiroga ten atribuídas competencias en materia de abastecemento de auga potable, de acordo co establecido nos artigos 25.2 c), 26.1 a) e 86.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local, nos termos establecidos pola lexislación da comunidade autónoma, en concreto nos artigos 81 a) e 80.2 l) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, e nos artigos da lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, que regulan o reparto competencial en materia de abastecemento.

Con referencia a esta última lei, os artigos 5.1 a) e 27.1 establecen como competencia das entidades locais o servizo de abastecemento domiciliario de auga potable e o seu control sanitario. Ademais, o artigo 27.2 establece a competencia das entidades locais en materia de elaboración e aprobación de proxectos de obras e execución de infraestruturas cando se trate de obras da súa competencia así como a explotación dos servizos da súa competencia.


En relación coa obriga contida no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de xuño, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, o concello declarou que ten remitido ao Consello de Contas as contas xerais de cada exercicio.

**Segundo.** Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do que a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas.


A citada Lei 9/2010, do 4 de novembro, atribúe no seu artigo 26 á Administración Hidráulica da Comunidade Autónoma as competencias para a regulación e o outorgamento de auxilios económicos ás corporacións locais nas materias da súa competencia.

O artigo 57 da Lei de bases do réxime local, citada, e o 194 da Lei da Administración local de Galicia, citada, determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolvese con carácter

voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.



**Terceiro.** Durante o mes de xullo de 2022, unha ola de incendios forestais ocasionou graves danos no territorio do Concello de Quiroga e afectou a diversos bens de titularidade pública e privada, incluíndo afeccións importantes nas infraestruturas de uso público e o medio natural. Estes incendios produciron numerosos e cuantiosos danos tanto a nivel ambiental como a nivel de infraestruturas municipais, entre elas as de abastecemento de auga potable xa que o lume danou a tubaxe xeral de abastecemento no sistema na zona de captación de Leixazos, punto de captación principal da ZA\_Quiroga. A dita captación subministra auga potable a varios depósitos que abastecen as zonas de Ermida, San Vitoiro, Pacios de Mondelo e ao Casco Urbano de Quiroga cun total de 1289 usuarios.



Ante a situación de risco extremo de quedar sen abastecemento municipal, o 2.9.2022 a entidade local declarou a emerxencia para realizar as actuacións de reparación da acometida que subministra auga ao depósito de Za\_Quiroga, para os efectos do disposto no artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

O Concello ten solicitado á Xunta de Galicia apoio e colaboración na execución destas actuacións para acadar o funcionamento efectivo das instalacións no prazo máis breve posible.

**Cuarto.** Á vista do exposto, as partes consideran necesario establecer unha fórmula coordinada para garantir o financiamento da citada actuación.

Neste contexto, e dadas as circunstancias concorrentes, enténdese a imposibilidade de promover a concorrência pública, acudindo ao réxime excepcional de concesión directa da subvención.

Sobre a base do ata aquí exposto, as partes acordan outorgar o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes:

## **CLÁUSULAS**




### **PRIMEIRA. OBXECTO**

É obxecto deste convenio establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Quiroga que permitan a este acometer e incorporar ao patrimonio público municipal actuacións de abastecemento para retirar a tubaxe queimada nos incendios forestais e instalar unha nova tubaxe.

### **SEGUNDA. OBRIGAS DAS PARTES**

Para o cumprimento do obxecto deste convenio:

1.- Augas de Galicia obrígase a:

- 
- Apoiar tecnicamente e a asesorar na execución das actuacións indicadas na cláusula primeira.
  - Asumir as obrigas económicas derivadas deste convenio entregando ao concello o importe máximo que se concreta na cláusula seguinte.

2.- O Concello de Quiroga obrígase a:

- Executar as obras consistentes na retirada de tubaxe queimada polos incendios forestais e instalación da nova tubaxe.
- Realizar ante Augas de Galicia a correspondente rendición da conta xustificativa do cumprimento das condicións e consecución dos obxectivos da axuda, do xeito establecido neste convenio.
- Proporcionar a Augas de Galicia todos os datos necesarios para o seguimento dos indicadores de cumprimento do Plan estratéxico de Galicia 2022-2030.

### TERCEIRA. RÉXIME DE FINANCIAMENTO

O custo total das actuacións contempladas neste convenio ascenden a cento trinta e oito mil seiscientos sesenta e tres euros con cincuenta e oito céntimos (138.663,58 €) que serán financiados por Augas de Galicia, con cargo á conta 6566 "Subvencións de capital. A corporacións locais" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, con cargo a anualidade 2022.


### CUARTA. LIBRAMENTO DOS FONDOS E RÉXIME DE XUSTIFICACIÓN

En canto ao réxime de xustificación, o Concello debe presentar ante Augas de Galicia, antes do 15 de decembro de 2022, a documentación establecida no artigo 10 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Ademais o Concello obrígase a:


- a) Facilitar, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto deste acordo.
- b) Comunicar a Augas de Galicia, se fose o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto do presente acordo e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.
- c) Reintegrar a Augas de Galicia, de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a cantidade total ou parcial da axuda establecida, e dos xuros de demora devindicados dende o momento do seu pagamento, para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.

- d) Asumir, pola súa consideración de beneficiario segundo o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, todas as obrigas que, para o mesmo, establece o citado artigo.



En canto aos prazos e modos de pagamento da subvención por parte de Augas de Galicia, a súa achega materializaranse mediante a transferencia dos fondos precisos ao Concello, no prazo dun mes desde a completa presentación pola entidade local da rendición da conta xustificativa antes mencionada, conforme ao estipulado neste convenio e na lexislación aplicable. A anterior transferencia de fondos, será ingresada na conta bancaria da que o concello sexa titular, cuxa numeración facilitará a tal fin a Augas de Galicia.

Será de aplicación o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.



A concesión de axudas deste convenio queda supeditada ao cumprimento da normativa vixente. Neses termos, serán compatibles con calquera outras axudas públicas ou privadas pero, en ningún caso, poderán superar os límites máximos de intensidade de axuda establecidos na normativa da Unión Europea.

#### **QUINTA. RELACIÓN LABORAL**

A subscrición deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a entidade pública empresarial Augas de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

## SEXTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión formada por dous representantes de Augas de Galicia e outros dous representantes do concello para desenvolver as seguintes actuacións:

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, en caso de dúbida, o contido do convenio.
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Actuará como presidente un dos representantes de Augas de Galicia, con voto de calidade.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do convenio.

Os membros desta comisión de seguimento poderán asistir ás reunións desta acompañados do persoal técnico que consideren oportuno. Ademais, cando se considere oportuno, a Comisión de Seguimento poderá requirir a asistencia técnica necesaria para a avaliación e análise das distintas cuestións sobre as que deban adoptarse acordos.

## SÉTIMA. NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo.

Todo litixio, controversia ou reclamación resultantes deste Convenio ou relativo a este, a súa interpretación ou execución, o seu incumprimento, resolución ou nulidade, resolverase pola xurisdición contencioso-administrativa.

## OITAVA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio terá efectos dende o día seguinte ao da súa sinatura, sendo de aplicación aos gastos realizados dende o 1 de agosto de 2022, e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2022. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas neste convenio.



#### **NOVENA. MODIFICACIÓN DO CONVENIO**


Calquera modificación no contido deste convenio, requirirá acordo entre Augas de Galicia e o concello e tramitarase a través dunha addenda ao convenio.

#### **DÉCIMA. EXTINCIÓN DO CONVENIO**

Será causa de extinción automática do convenio:

- o cumprimento do seu obxecto
- o transcurso do seu prazo de vixencia

Ese convenio tamén poderá extinguirse por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

- 
- o mutuo acordo entre as partes asinantes
  - a inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes
  - a inviabilidade financeira da actuación como consecuencia de atrasos na licitación e/ou adxudicación das actuacións.

A resolución con causa nalgún dos supostos anteriores non levará asociada indemnización a ningunha das partes.

#### **UNDÉCIMA. PUBLICIDADE**

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de

xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

#### **DUODÉCIMA. MEDIDAS ANTIFRAUDE**

1. É de aplicación a este convenio o Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da entidade pública empresarial Augas de Galicia, que pode consultarse na seguinte ligazón:

[https://augasdegalicia.xunta.gal/c/document\\_library/get\\_file?file\\_path=/portal-augas-de-galicia/plans/resto\\_plans/PlanMedidasAntifraudeAugasdeGalicia.pdf](https://augasdegalicia.xunta.gal/c/document_library/get_file?file_path=/portal-augas-de-galicia/plans/resto_plans/PlanMedidasAntifraudeAugasdeGalicia.pdf).

2. Augas de Galicia empregará como canle de denuncias o sistema posto en funcionamento, a disposición da cidadanía, a partir do 1 de xaneiro de 2022, no Sistema Integrado de Atención á Cidadanía (SIACI) ([https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-cidadania?langId=gl\\_ES](https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-cidadania?langId=gl_ES)), onde os cidadáns poden denunciar calquera irregularidades ou condutas de fraude. A presentación de denuncias nesta canle, que precisará da identificación electrónica da persoa denunciante para evitar suplantacións ou denuncias automatizadas, será tratada pola administración autonómica garantindo o anonimato da persoa denunciante, de xeito que os órganos que deban investigar a denuncia non coñezan a identidade do denunciante.

A canle, ademais da cidadanía, poderá ser utilizada polos empregados públicos para presentar medidas de mellora dos procedementos ou das accións antifraude. Tamén na canle poderanse denunciar incidencias que sexan realizadas por empresas ou por beneficiarios de subvencións.

No punto de acceso electrónico á canle de denuncias, situado en SIACI, figurará unha declaración da Xunta na que constará expresamente que, con independencia da necesaria identificación electrónica para a presentación da denuncia, os datos serán tratados anonimadamente mediante tecnoloxías de información para garantir a indemnidade da

persoa denunciante e evitar calquera tipo de eventual represalia sobre ela, en termos semellantes aos establecidos na directiva europea.

A xestión da canle de denuncias corresponderá á Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa.

3. A investigación e tratamento das denuncias presentadas axustarase ao disposto nos puntos 2.3.2 e 2.3.3 do Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Xunta de Galicia.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, as partes asinan este documento por duplicado exemplar no lugar e data do encabezado

A presidenta de Augas de Galicia

Ethel María Vázquez Mourelle

O alcalde do Concello de Quiroga

Julio Álvarez Nuñez